

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE VIGO**

ANUNCIO de licitación por procedemento aberto de colaboración da recadación en período executivo.

1. Entidade que adxudica: organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Tesouraría Municipal. Nº de expediente: 16863-541.

2. Obxecto do contrato: os servizos de colaboración e asistencia técnica, material e informática, nos procedementos de recadación en período executivo, nos procedementos sancionadores da concellaría delegada de mobilidade e seguridade, multas de circulación e liquidacións das taxas practicadas pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal.

Lugar de execución: Vigo.

Prazo de execución: 4 anos. Prórroga: dúas, dun ano de duración.

3. Tramitación e procedemento.

Tramitación: ordinaria.

Procedemento: aberto.

4. Orzamento base: 11.520.000 euros, IVE que soportará a Administración: 2.419.200 euros. Orzamento total: 13.939.200 euros.

5. Garantías exixidas. a) Provisional: non se exige. b) Definitiva: si (5 % do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE). c) Complementaria: non.

6. Obtención da documentación e información: www.vigo.org (perfil do contratante). Teléfono: 986 81 01 48. Fax: 986 22 62 06.

Data límite para solicitar documentación: ata 7 días antes do día da finalización do prazo de presentación de proposicións.

7. Requisitos específicos do contratista: a) Documentos acreditativos da solvencia económica e financeira: declaración do volume anual de negocio. Consideraranse con sol-



vencia económica e financeira os licitadores que no conxunto dos últimos tres anos teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ao prezo do contrato. b) Documentos acreditativos da solvencia técnica e profesional: unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan ao obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, na falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

8. Presentación de ofertas: o prazo rematará o día 18 de maio de 2017.

Documentación: a exigida nas cláusulas 12 e 13 do prego de condicións administrativas e no punto 7 das FEC.

Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo, praza do Rei, nº 1, 36202 Vigo, ata as 13.30 horas do último día de prazo.

Admisión de melloras: si.

Prazo da obriga de manter a oferta: dous meses contados desde o día da apertura de proposicións.

9. Apertura das ofertas técnica e económica: entidade, domicilio e localidade: véxase o punto 6 do anuncio.

Data e hora: anunciarase no perfil do contratante do Concello de Vigo.

10. Outras informacións: —.

11. Páxina web para obtención de información: www.vigo.org

Vigo, 5 de abril de 2017

O alcalde
P.D. (Decreto e Acordo do 19.6.2015)
David Regades Fernández
Concelleiro delegado de Contratación

CVE-DOG: zgdxpa6-twd1-q1q3-js50-kzhv2kgley16

